

Ola compañeiras e compañeiros:

Como xa sabedes, proximamente celebraranse as eleccións a Xunta Coordinadora da Agrupación de Avogados Novos de Vigo. Con este motivo, enviámosvos este e-mail para presentarvos a nosa candidatura:

IAGO OTERO MOREIRAS (presidente)

Licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela. Escola de Práctica Xurídica Concepción Arenal do ICA Vigo. Máster en Dereito Urbanístico e do Medio Ambiente pola Universidade de Vigo, Máster en Dereito TIC pola Universidade de Santiago de Compostela. Cursando na actualidade Ciclo de Formación Profesional Superior en Desenvolvemento de Aplicacións Web no IES de Teis.

Socio Fundador de #Abogados_504, exerce a avogacía dende o ano 2012.



ESTER ALONSO RODRÍGUEZ (secretaria)

Licenciada en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela. Máster en Propiedade Intelectual pola Universidade Carlos III de Madrid. Máster en Avogacía pola Universidade de Vigo e o ICA Vigo.

Avogada en exercicio dende o ano 2012.



RICARDO DELGADO RIVERO (tesoureiro)

Licenciado en Dereito pola Universidade de Vigo. Máster Universitario en Tributación e Asesoría Fiscal pola Universidade a Distancia de Madrid.

Socio fundador de Dous Asesoría Tributaria, exerce a avogacía dende o ano 2015.



JANA CALERO FERNÁNDEZ (vogal)

Licenciada en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela. Escola de Práctica Xurídica Concepción Arenal do ICA Vigo

Socia fundadora de Eadem Abogados y Asesores, exerce a avogacía dende o ano 2011.



VALDEMAR ÁLVAREZ GONZÁLEZ (vogal)

Licenciado en Dereito pola Universidade de Vigo. Máster en Xestión e Dirección Laboral pola Universidade de Vigo. Máster en Dereito de Empresa pola Universidade de Vigo.

Avogado en exercicio dende o ano 2012.



¿QUEN SOMOS?

Somos cinco mozos e mozas dedicados á avogacía que traballamos en pequenos despachos e coñecemos de primeira man os problemas reais da avogacía da nosa xeración, polo que un dos nosos principais obxectivos é axudarvos a solventalos e a intentar, dentro das nosas posibilidades, que os vosos comezos sexan máis sinxelos.

Ademais, tamén somos membros activos da Agrupación e temos colaborado en diferentes proxectos da mesma, tanto redactando informes sobre problemas actuais, como, por exemplo, sobre o funcionamento da Quenda de Oficio, a reforma do Código Penal, as taxas xudiciais... así como organizando cursos e actividades formativas, servindo, a título de exemplo, as Xornadas de Dereito Penitenciario, o Congreso de Primavera, *poscurros* sobre proba dixital, tokeneconomía, falsos autónomos, obrigacións tributarias da avogacía... ou obradoiros sobre ferramentas web para avogados, entre outros.

Tamén temos fomentado a acción social da avogacía, participando en proxectos como a Oficina de Intermediación Hipotecaria (OIH), loitando activamente contra as taxas xudiciais e outras reformas que precarizaron o noso sector, así como promovendo a inclusión de intérpretes en calquera orde xurisdiccional para facilitar o entendemento con persoas estranxeiras que non poden asumir o custo. Participamos tamén de forma moi activa nas mobilizacións que, en defensa da Xustiza e da profesión de avogado, se teñen celebrado en todo o territorio nacional os pasados 19-A e 22-M, promovendo, difundindo e acudindo ás concentracións.

¿PORQUÉ NOS PRESENTAMOS?

Grazas a Agrupación recibimos un apoio e experiencia que agora nos sentimos no deber de corresponder, investindo o noso esforzo, ganas e tempo; e promocionando novos proxectos.

OBXECTIVOS

FOMENTAR A ACCIÓN SOCIAL:

Entendemos que a acción social é un pilar fundamental desta Agrupación, e o que máis recoñecemento público lle deu. O obxectivo desta candidatura é continuar coas actividades preexistentes e planear e levar a cabo novos proxectos. Esta Xunta será unha firme defensora dos Dereitos Humanos.

En particular, e sempre respectando as decisións que dentro da Asemblea da Agrupación se tomen, é intención desta candidatura continuar o camiño iniciado coas mobilizacións do 19-A e o 22-M e tratar de mellorar a precaria situación da Xustiza e da nosa profesión.

FACILITAR O ACCESO A FERRAMENTAS INFORMÁTICAS:

Sabemos que o uso de ferramentas informáticas está xerando máis dunha dor de cabeza, sen embargo, son tremendamente útiles para o exercicio da nosa profesión e, incluso, a día de hoxe, algunhas, coma LexNET, de uso obrigado. Aproveitando os coñecementos tecnolóxicos de Iago (que, ademais de avogado, estase a formar no desenvolvemento de aplicacións web), queremos dotar ós membros da Agrupación de ferramentas e coñecementos tecnolóxicos (firma dixital, app na nube, melloras en LexNET, proba dixital...) para intentar aproveitar a vantaxe histórica e competitiva que nos outorga a informatización da avogacía.

FORMACIÓN:

Creemos que, debido ó éxito da liña seguida en materia de formación polas anteriores Xuntas, a nosa labor será manter esta tendencia e, na medida do posible, melloralala con novas actividades e formatos, como os xa consolidados *poscurros*.

AXUDA NOS COMEZOS:

Aparte de contar coa axuda e coñecementos de calquera membro da Agrupación, coa vosa colaboración gustaríanos desenvolver actividades que faciliten o acceso a profesión que, sabemos por propia experiencia, non é doado. Por elo, temos a intención de reactivar as enormemente didácticas Prácticas tuteladas, así como novas iniciativas mediante as cales os membros con máis experiencia poidan axudar a aqueles que estean empezando na profesión.

CREACIÓN DE UNHA CONFEDERACIÓN GALEGA DA AVOGACÍA NOVA:

Trataremos de promover e fomentar o contacto con outras agrupacións de avogadas e avogados novos de Galicia e, na medida do posible, crear unha Confederación Galega que as agrupe, como xa acontece en Castela a Mancha, Castela e León, Andalucía, Aragón, Murcia, Valencia ou o País Vasco.

CONTROL E INFORMACIÓN DAS DECISIÓNS DO ICA:

Tamén é un propósito desta candidatura saber que decisións se toman no Colexio do que dependemos, o ICA Vigo, así como ter voz propia no mesmo e trasladar as nosas inquedanzas. Por elo, comprometémonos a asistir ás reunións, asembleas, etc... que se celebren no ICA Vigo, facendo chegar ás mesmas todas aquelas cuestións que a Asemblea da Agrupación de Avogados Novos acorde, e informarnos das decisións que se tomen. Asemade, temos a intención de que a Agrupación sirva de mediadora para solucionar os conflitos que poidan xurdir entre os seus membros e o ICA Vigo.

MELLORA DA COMUNICACIÓN COS AGRUPADOS:

Ademais do envío periódico de novidades relacionadas coa Agrupación ou novas que puidesen ser de interese para os seus membros, trataremos de mellorar a comunicación, para que sexa dinámica e fluída, xa sexa por correo electrónico, redes sociais ou calquera outro medio que puidera ser eficaz.

RELACIÓNS SOCIAIS ENTRE MEMBROS DA AGRUPACIÓN:

Un dos logros dos que pode estar máis orgullosa a Agrupación, se non do que máis, e o de crear unha verdadeira comunidade entre os seus compoñentes. A realización de distintos eventos, entre os que destacan os xantares e ceas da Agrupación, deu lugar a relacións de compañeirismo e amizade entre os seus integrantes. Esta vertente social da Agrupación, ademais de xerar relacións persoais, ten tamén a súa transcendencia a esfera profesional da avogacía, facilitando o contacto, as consultas, a colaboración e os acordos entre os seus membros, o que moitas veces axuda a levar a bo porto procedementos administrativos ou xudiciais complexos. Por iso, a intención desta candidatura é aumentar e mellorar estes eventos, para sacar ós avogados e ás avogadas dos seus despachos e xerar e fortalecer as relacións, tanto persoais como profesionais.

Estas son as nosas principais ideas, pero sabemos que a nosa labor como Xunta non é máis que coordinar e levar a cabo as opinións e proxectos da Asemblea. Por iso, estamos esperando as vosas suxestións para que a nova Xunta realmente represente a totalidade dos seus membros, os seus proxectos e ideas. Pedímosvos que participedes e esperamos que vos guste o noso, voso, proxecto.

Apertas, Iago, Ester, Ricardo, Jana e Valdemar.